


1.º premio do VI Concurso literario *Mazarelos* (2020)

Cristina Negreira Barcia

# **AS ALDEAS NON DEBEN APAGARSE**





**AS ALDEAS NON DEBEN APAGARSE**

## **PERSONAXES**

**Uxía:** universitaria

**Nuria:** amiga e compañeira de clase de Uxía

**Maripaz:** nai de Uxía

**Sinda:** tía de Uxía

**Lela:** tía e madriña de Uxía

**Xurxo:** taxador

## I ACTO

*(Un cuarto de estudante universitaria aparece en escena, progresivamente desde a escuridade, con acentuada localización á esquerda, ó igual cá protagonista. Nel hai unha cama de 90 cm en fronte do público e, encima, unha fiestra orientada a un deses patios interiores composteláns polos que, máis ca luz, entra humidade. Fiestra sobre a que se aprecia unha pantalla branca na que, cando se requira, se proxectarán imaxes. Á esquerda do cuarto vese un armario pequeno coas portas abertas e certo desorde e, á dereita, un escritorio baixo unha morea de fotos de festivais pegadas na parede- salientando a de Rosalía no Son do Camiño da edición pasada. Cando a iluminación comeza a ser moderada apréciase unha figura durmindo placidamente dando as costas ás butacas. Ata que... comezan a soar whatsapps.)*

**Uxía-** *(Escóitase unha voz feminina- e feminista- de vinte e poucos, murmurar debaixo das sabas.)* Merda....queeeen será a estas horas? *(Bota a man cara a atrás e, ás apalpadelas, busca polo móbil que está nun extremo do escritorio. Cólleo e dá a volta, permitíndolle ó público verlle a cara e o pelo todo enmarañado.)* Purffff, aínda por riba, toca escoitar un “audio”... A ver que quere Nuria agora...

**Nuria-** *(Non aparece sobre as táboas, senón que se escoita a súa voz en off .)* Tía, son as dez e media da mañá e vin que aínda non te conectaches nada ó *whats*. Si que che están rendendo as noites da corentena para viciarte a Netflix... Pois xa que che presta tanto non ter que madrugar para a uni, creo que vas alucinar coa seguinte noticia: Pedro Sánchez acaba de anuncia-la primeira prórroga do estado de alarma e parece que virán máis... Como quedas, eh? Así que supoño que a USC nos ha de mandar indicacións pronto sobre como adaptar este cuadri á ensinanza na liña. Eu acabo de mirar no *Moodle* e non vin nada, pero temos que estar pendentes para que non nos pase ningún prazo da entrega. Ben, déixote que vou facer un biscoito, que preciso mata-lo tempo e, de paso, almorzo ben. E *sorry* polo “audio” tan longo,

pero xa me coñeces... Non podo evitalo... Dáme mazo preguiza escribir. Bicos

**Uxía-** *(Bocexando, empeza a responder cunha vocalización e velocidade deficientes que van mellorando a medida que esperta.)* Nuri, en serio, tía? Máis días encerrados? Hoooo, si que teñen que ver amolada a cousa... Eu, a verdade, é que non contaba con que seguísemos confinados en Galicia. É dicir, en Madrid ou Barna si, pero aquí... Ten que haber máis casos dos que coñecemos para que tomen esa decisión... Ou, se cadra, non é tanto polo número de contaxios coma por termos tanta poboación maior...que putada... Isto é surrealista, parece unha destas pelis posapocalípticas que tanto che gustan... Oxalá isto mellore pronto! Vou chama-la miña nai para dicirllo...bicos “petarda”! *(Tras manda-lo documento sonoro, senta no medio da cama, deixando ve-lo pixama peludo do Primark que todo universitario e toda universitaria deben ter para sobrevivir ós fríos pisos composteláns con insultantes tarifas da calefacción central. Busca no teléfono o número da súa nai e marca.)*

**Maripaz-** Ai, nena, menos mal que chamas, estaba toda preocupada.

**Uxía-** E logo, mamá? É pola ampliación da corentena?

**Maripaz-** Mmm, por iso tamén, pero é que vin nun programa da tele que dicían que os científicos nos teñen enganados e que, en realidade, isto non é unha enfermidade senón que é...

**Uxía-** *(Interrompendo con sorna.)* Un castigo divino?

**Maripaz** Ai nena, por Deus, non xogues con esas cousas! Dígocho en serio, segundo opinaban algúns dos colaboradores isto pódese coller mesmo vivindo illado, o bicho este pode entrar se ve a luz prendida, así que ti non fixeches ben en quedar no piso en Santiago. Sei que o fixeches porque tiñas medo a vir e poder contaxia-los avós pero... Ti faime caso, non préndas las luces.

**Uxía-** Queeeee!?! E que lles pasa ás luces?

**Maripaz-** Aínda non o viches? Pois que disque que o bicho...

**Uxía-** Vi-rus

**Maripaz-** Ben, o virus este detecta a luz e diríxese a ela, entrando polas ventás. Así que nada de airea-lo piso nin de prende-la luz.

**Uxía-** Mamá, ti escóitaste? Iso non pode ter base científica. Xusto os expertos están a recomendar airear deseguido tódolos cuartos. E o da luz... Xa non ten xeito. A saber quen foi o “falabaratos” que dixo isto... Seguro que é unha trola!

*(Na pantalla que está sobre a xanela aparece a imaxe n.º 1, a primeira das viñetas sobre o confinamento de Luis Davila, o retratista das almas galegas; que se proxectarán ó longo das escenas.)*

**Maripaz-** Mira nena, ten que ser certo que saíu na tele. Así que faille caso a túa nai por unha vez que non quero que enfermes. Prométeme que me farás caso...

**Uxía-** *(Con cara de resignación.)* Vaaale mamá. Prométocho... *(pausa.)* E por aí coidádevos, e non fales con ninguén cando vaias ós recados. Por certo, mirei de che face-la compra polo ordenador para que a leven á casa, pero ata dentro de dúas semanas non teñen hora dispoñible de reparto... Polo tanto, vas ter que ir ti. Recorda levar luvas e tapa-la boca e o nariz. Penso que a bufanda lila que teño eu é a mellor para iso. Está enriba da cadeira do meu escritorio. E cando volvas, lava as mans case un minuto e dúchate, e lava o pelo tamén.

**Maripaz-** *(Finxidamente indignada.)* Ai nena, agora a nai parece ti. Non te preocupes, no *Gadis* poñerei luvas, taparei a boca e o nariz e, xa na casa, duchareime e lavarei a roupa con auga moi quente.

**Uxía-** Iso mamá. E se os avós quedan sen receitas para a tensión, avisa; que collo unha cita telefónica coa médica e lle pregunto se lles pode facer máis para que non vaiades ó centro de saúde, que non é seguro.

*(Cambiano o ton para cambiar de tema.)* E... ben; eu vou ordena-lo armario. Vou gardar no

fondo a roupa da rúa e vou buscar tódalas mallas e pixamas para poñerme cómoda no piso; que a saber cando poderemos saír. Coidádevos.

*(Uxía levántase, busca no ordenador “Resistiré” e comeza a soar este himno da corentena. Na pantalla proxéctase a imaxe n.º 2. A moza saca toda a roupa do armario e pona encima do escritorio. Durante os case 100 segundos que tarda o Dúo Dinámico en chegar á parte máis coñecida, vai collendo a roupa e clasificándoa en dúas moreas. Cando se atopa con pixamas e chándales asinte, dóbraos e ponos no armario; cando se atopa con roupa “incómoda”- especialmente cos suxeitadores- move a cabeza con desaprobación e tira as prendas de mala maneira enriba da cama. Tralos “resistiré, resistiré”, tanto a música coma a iluminación van a menos.)*



## II ACTO

*(Aparece a iluminación repentinamente ó igual que soa o refrán da salsa “Vivir mi vida” de Mark Anthony. Uxía, con mallas negras, camiseta da USC e unha cinta para o deporte no pelo, mira o monitor do ordenador que ten encima do escritorio. Segue atenta e desafortunadamente os pasos dunha sesión de zumba na liña. Cada vez as indicacións complícanse e, en varias ocasións, está a punto de perde-lo equilibrio e de chocar cos poucos mobles do cuarto. Progresivamente aparece na pantalla de enriba da fiestra a viñeta número 3, tamén do ilustrador pontevedrés. Pasados uns 20 segundos, unha chamada interrompe unha sesión de deporte con aspiracións a escordadura. Uxía para o titorial no seu ordenador e colle o móbil. Tan pronto como responde a chamada, ilumínase o centro do escenario. Nel aparece Sinda, unha muller que pasa dos sesenta, vestida cunha saia e blusa que, nos seus bos tempos, fixeron varias vodas e funerais. A súa parcela sobre as táboas está delimitada á esquerda da audicencia pola parede tralo escritorio de Uxía e, á dereita, por unha cinta negra que atravesa nunha liña recta o escenario de adiante a atrás.)*

**Uxía-** *(Collendo aire de tanto esforzo deportivo.)* Ola, tía Sinda! *(Senta derreada na cama e bebe un bo grolo de auga dunha botella.)*

**Sinda-** *(Na man esquerda ten o móbil collido, mentres que coa dereita lle tira millo a unhas galiñas que ten que imaxina-lo público. Fala cun volume que reta o futuro da telefonía e cunha velocidade que invita a mercar unha pelotíña antiestrés.)* Que fas?

**Uxía-** *(Afastando molesta o móbil da orella.)* Pois zum...eh... *(dándose conta de que aforrará explicacións)* algo de deporte.

**Sinda-** Ai neniña, no piso? Esta corentena toléanos a todos. Igualiño có teu primo Miguel.

**Uxía-** (*Sorprendida.*) Tamén fai deporte?

**Sinda-** Non... que me está a tolear. Non para de me dicir: (*imitando con desesperación*) “mamá, calquera día aparecemos no piso a muller, a nena e mais eu mortos de pena”. Porque, nena, vivir vive na “Cruña”, pero en 50 metros cadrados. Vin cortellos de porcos ben máis grandes.

**Uxía-** (*Dándose conta do motivo real da chamada.*) Xa tía, xa... Por iso queres compra-la casa da avoa.

**Sinda-** Claro. (*Proxéctase a imaxe n.º 4.*) Porque aquí, na aldea, paseamos pola horta; pero... (*tallante*) na “Cruña” non! Alí é todo unha pena! Teu pai, “Deu-lo” teña na Gloria, estaría do meu lado e queredría venderme a súa parte.

**Uxía-** Que si, Sinda. Queda tranquila que xa che dixen que eu cha vendo sen fallo. En cinco minutos xa chamo o taxador para que nos dea un prezo de venda aproximado.

**Sinda-** Pero (*entre desconfianza e desprezo*) o home ese será de fiar? Porque os “picapreitos” fan o que sexa para gañaren cartos.

**Uxía-** (*Practicando o ton didáctico que pretende empregar cando sexa profe.*) Muller, que este home non ten nada que ver cos avogados e xuízos. Este home estudou para... (*escollendo as palabras para simplificar*) poñerlles prezos ás casas e evitar leas entre os herdeiros. Xa verás como o prezo que nos dá nos parece ben ás tres. De feito, xa case é hora. Ti queda co móbil así como estás que eu chamo a tía Lela e así podemos fala-las tres co taxador.

**Sinda-** Arre demo. Ver para crer. Varias persoas falando á vez polo choio este.

**Uxía-** *(A si mesma en voz baixa.)* Certo, ver para crer. *(Anda no móbil para engadir a Lela á conversa. Ilumínase á dereita do público o último terzo do escenario. Lela, duns cincuenta e moitos, leva un mandil de cadros e un sombreiro de palla, ambos con case tantos anos coma ela. Está sentada nunha banquetta a debulla-lo millo. Tarda un anaco en atopa-lo móbil, que está perdido no cesto das mazarocas.)*

**Lela-** *(Con voz calma e cun volume respectuoso para os tímpanos.)* Ola afillada. Como léva-lo estares pechada nun piso?

**Uxía-** Non hai queixa, madriña, grazas. Vos estades ben?

**Lela-** Polo de agora si. “Diolo” queira que sigamos así!

**Sinda-** *(Rompendo, tal trono, a harmonía)* Lela, eu tamén estou aquí!

**Lela-** Ola Sinda. Todo ben?

**Sinda-** Pois non. É que Miguel está a sufrir moito encerrado.

**Lela-** *(Con cara de- “outra vez ese tema non”.)* Calma, “millé”. Xa falamos agora co perito ese para que nos dea un prezo e amañamos. Uxía, xa nos pode sentir?

**Uxía-** Aínda non. Agora mesmo o chamo. Un minuto. *(Rapidamente amaña algo o cabelo e viste por riba da camiseta unha blusa elegante, que contrasta coas mallas e tenis).*

*(Falando a si mesma en voz alta.)* Ben, pois poño as tías en altofalante, entro no Skype e chamo o tipo este. *(Tan pronto como toca o portátil o escritorio co logo do Skype aparece proxectado na pantalla habitual -enriba da fiestra do seu cuarto. Vese como chama ó taxador e como este se conecta.)*

**Xurxo-** Ola Uxía!

**Uxía-** Bos días, Xurxo. Xa están as miñas tías en altofalante. Sinda, Lela, oíde-lo taxador?

**Sinda e Lela-** (*Ó unísono.*) Si.

**Xurxo-** (*Aparece na referida pantalla, acompañado dunhas lentes e uns corenta e poucos anos. A súa voz é finxidamente neutra, emulando os presentadores do telexornal.*)  
Señoras, encantado. Só teño quince minutos para esta chamada, así que vou ser directo. Vai se-la primeira vez que intente facer unha taxación sen ve-lo ben inmoble, polo que o prezo será unha primeira aproximación. Como me dixó Uxía que lles corría tanta présa...

**Sinda-** (*Non perdendo a ocasión para interromper co “seu tema”.*) Corre! Que o meu Miguel calquera día fai unha desgraza nese piso anano da “Cruña”. Se nos di o prezo, tan pronto abra todo de novo compro a casa.

**Xurxo-** (*Cortado pola interrupción.*) Señora...emm..., teña na mente que este prezo é para que as tres partes implicadas se fagan unha idea de se queren vender e, de se-lo caso, comprar. Pero non será o importe final; será unha mera orientación.

**Sinda-** (*Á defensiva.*) E como non van querer vender? Se é para quedar na familia!

**Lela-** (*Resignada e resentida.*) Ai Sinda, que si que vendemos. Pero ti tamén acordarte agora! Hai máis de 20 anos que mamá- que en paz descanse- morreu. Daquela non quixeches vender disque “por respecto” e agora... A pobre Uxía ten que cargar con isto pouco despois de enterra-lo seu pai.

**Sinda-** É que o meu Migueliño está moi mal sen poder toma-lo aire.

**Uxía-** (*Entre dentes e sen pretender ser oída.*) Benvido ó club!

**Xurxo-** (*Apurando ante o temor de volver ser interrompido.*) Ben, señoras, explícolle-lo procedemento sen máis dilación. Voulles facer preguntas e así, coa información que me acheguen, medirei os tres parámetros principais do inmoble. Comezamos.

**Uxía-** De acordo. Mire, eu como non me criei nesa vivenda non intervirei; pero escoito.

**Xurxo-** Entendido. *(Move unhas follas de papel e colle un bolígrafo.)* Estado da vivenda.

**Sinda-** O que? Está caendo. Ten moitos anos de María santísima. Alí polo construído ninguén pagaría!

**Lela-** *(Levantándose da banquetta e camiñando cara á liña negra do chan.)* Que dis, “millé”? Se avó, cando construíu a casa, puxo pedra da mellor. Tan mal non ha de estar para que o teu Miguel leve anos facendo no churrasco alí. Que eu ben vin a grella e a bici da nena.

**Sinda-** *(Con voz de pretexto.)* Xa... pero... foron só unha vez e estiveron na eira...

**Lela-** *(Irónica.)* Unha vez, si.

**Xurxo -** Pero, que servizos ten? Luz? Auga?

**Lela-** No alpendre de en fronte da casa hai un pozo...

**Sinda-** *(Tirando todo o millo ó chan de golpe e camiñando cara á liña negra do chan.)*  
Que está seco!

**Lela-** Dis ti!

**Sinda-** Se te preocupases de ir mirar pola casa de cando en vez.

**Lela-** Xa témo-lo teu Miguel para iso.

**Uxía-** Tías, tías; xa está. Non empededes. Deixade a Xurxo face-lo seu traballo.

*(Xurxo ten cara de desconcerto. Co bolígrafo dubida que recadro marcar nos papeis da taxación.)*

**Xurxo-** Señorras, mellor pasamos ó segundo punto: tamaño da vivenda.

**Sinda-** Pequena. Abaixo só ten a cociña e o comedor, onde era antes a corte. E arriba non hai máis ca dous dormitorios.

**Xurxo-** *(Tomando notas.)* Dous dormitorios.

**Lela-** Pero enormes, eh? Que neles durmiamos moitos. (*Facendo memoria.*) Mamá e papá, padriño e madriña, os tres irmáns, a tía e os tres primos.

**Xurxo-** Si que parecen espazosas. Saberían dicirme unha superficie aproximada. Cantos metros cadrados dirían que ten cada dormitorio?

**Sinda-** Ben poucos, señor. Que todos eses durmiamos repartidos en dúas camas pegadas en cada cuarto.

**Lela-** Ti, cando hai carto polo medio e queres aforrar, ve-lo que queres ver.

**Uxía-** (*Intentando evita-la mesma discusión familiar desde que “Migueliño tolea no piso por non poder saír”.*) Xurxo, poderías pasar ó último aspecto, por favor?

**Xurxo.** (*Con ganas de terminar.*) Por favor, que só me quedan 5 minutos. Terreos adxuntos. Saberían estima-la superficie?

**Sinda e Lela-** (*Ó unísono.*) 11 ferrados e medio!

**Xurxo-** (*Sorprendido.*) Por fin un dato obxectivo! (*Anota impaciente.*)

**Lela-** Nove da leira do Río e dous e medio da horta de onda o “cabás”.

**Sinda-** Así é. Crieime nesas leiras. Sei onde están os marcos de “mamoria”.

**Xurxo-** Entón saberá dicirme a categoría do terreo. Trátase dun soar, dunha leira apta para o cultivo ou dun terreo pobre?

**Sinda-** Soar non é, que nel non se pode construír.

**Lela-** (*Asentindo e cunha pronuncia moi relaxada.*) “Axato”. Iso si, as leiras son moi boas. Dan unhas colleitas mellor cás da redonda. Son moi fértiles.

**Sinda-** Señor, non lle faga caso. Só valen para pasto das vacas.

**Lela-** Ai logo, como é que papá e mamá, que “Diolos” teña na Gloria, plantaban millo?

**Sinda-** Que nin chegaba para as pitas... Tanto como dis ti non daban, eh. Que papá non marchou ó Brasil por gusto.

**Uxía-** Tías, se non vos poñedes de acordo Xurxo non vai poder taxar. Precisa facerse unha idea de todo o que hai en Espasande.

**Xurxo-** *(Con certo alivio.)* Exactamente, Uxía. Como ben dis, non me estou a facer á idea nin da casa nin das leiras; e así non podo taxar. Preciso verificar *in situ* o estado da herdanza. Señoras, imos ter que deixa-la taxación para cando remate o estado de alarma. Sinto... Non se preocupen que esta chamada non llela cobro.

**Sinda-** Faltaría máis. Por enriba de que o meu Migueliño terá que esperar pola casa pola súa culpa, non terá a cara de cobrar.

**Uxía-** *(Indignada.)* Sinda, por favor. Pensa antes de falar! Mirade, tías, vouvos colgar e cando comece a desescalada xa vos digo a data que acordo con Xurxo para irmos ve-la casa. Adeus.

*(Uxía colga o teléfono cabreada e, simultaneamente, apágase a iluminación das parcelas das tías. Mentres, a estudante diríxese á pantalla do ordenador, que está sobre o escritorio, e fálalle avergoñada ó taxador.)*

Xurxo... eh... desculpa. Non imaxinaba que as miñas tías se ían poñer así... Foron ..ehh... desapropiadas. Por riba que accediches a traballar desde a túa casa.

**Xurxo-** Non te preocupes, Uxía. A corentena non está a quita-lo mellor de ningún... e, a verdade, co teletraballo, un non desconecta nunca... Oxalá se mellora isto pronto. Mira, cando avancemos á fase 1 avísote e imos a Espasande para vérmo-la vivenda e os terreos, pareceche? Déixote que teño outra videochamada. Adeus.

**Uxía-** Adeus e desculpa. *(Ó colga-la chamada de Skype, apáganse as luces.)*

### III ACTO

**Uxía-** *(Aparece en bata de casa e pantuflas, lendo atentamente no móbil mentres camiña de lado a lado do dormitorio. De súpeto, éntrolle unha chamada e, tras se asustar coa música, responde.)* Si, mamá?

**Maripaz-** A que andas, ruliña?

**Uxía-** *(Finxidamente indignada.)* Ma-má, que xa non son unha nena. Non me chames así!

**Maripaz-** *(Con convicción.)* Eu parinte, eu chámote como me peta. E ben sei que che gusta!

**Uxía-** Se ti o dis... Pois ando mirando receitas en *Google* para facer pan, que xa sabes que me dá cousa mercalo, por se está contaminado.

**Maripaz-** *(Sorprendida.)* Caramba, esta corentena está a facer milagres. Pasaches de levar “tapers” da casa os domingos a amasar pan... Pois aínda che vai dar choio, eh?... *(Pausa.)* Ben, cambiando de tema, que tal foi a taxación na distancia?

**Uxía-** Mmm.. *(Escollendo as palabras para describi-lo indescribible)* inviable. É o único que se me ocorre para resumi-lo que pasou nesa chamada... O taxador acabou por confirmar que o seu oficio non é apto para o teletraballo. Así que quedamos en que, cando remate a corentena, imos i-las tías mais eu con el a Espasande para lle mostra-la casa e os terreos adxuntos. Mentres tanto, non podemos avanzar en nada máis.

**Maripaz-** Ben, o que imaxinaba... *(con voz sarcástica ante unha nova idea.)* Mmm...avanzar... En nada, en nada; mentira!

**Uxía-** Que dis, mamá?



**Maripaz-** Ti ben poderías avanzar nese traballo para a clase que levas semanas a pospoñer.

**Uxía-** (*Indignada.*) Boohh! Non te metas niso. Non é cousa túa e (*dubitativa*), ademais, mmm non é certo que o pospoño.

**Maripaz-** Como que non? O día antes do prazo da entrega inicial non o empezaras e non o ías dar entregado, que parva non son. Veuche moi ben que ampliasen os prazos polo bicho este, que se non... E seguro que aínda nin empezaches!

**Uxía-** É que, a verdade, co confinamento, perdín a noción da rutina. É un traballo de escrita creativa e para iso preciso airearme. Xa sabes que sempre me inspirei paseando polo monte e, agora, non é posible. Teño que escribir sobre o confinamento e a min gustaríame salienta-la importancia da natureza.

**Maripaz-** E cal é o problema, se es da aldea? Se foses da capital aínda tería un pase... Pero tes ti máis de Heidi cás súas ovellas...

**Uxía-** Que anticuada me es, mamá! Pois... o único que se me ocorreu é empregar unha frase que lle dixo hai uns 150 anos un indíxena ó presidente de Estados Unidos para rexeita-la súa oferta para merca-las súas terras. Pódocha ler?

**Maripaz-** Claro, nena. Veremos se así arrancas, que ben sabes que o traballo feito non corre présa.

**Uxía-** Está en castelán, que non a atopei en galego... (*Lendo, esmerándose esaxeradamente na pronuncia, para ver se convence.*) “El ruido de las ciudades parece insultar los oídos. Y yo me pregunto, ¿qué tipo de vida tiene el hombre si no puede escuchar el canto solitario del chotacabras, ni las discusiones nocturnas de las ranas al borde de un lago?”

E ben, que che parece?

**Maripaz-** (*Escollendo as palabras.*) En fin, (*pausa pensativa*), profundo é.

**Uxía-** Peero...?

**Maripaz-** (*Silabando estrañada.*) Cho-ta-ca-bra... Que demo é iso? Soar, non soa moi noso. Se vas escribir sobre a corentena, a min gustaríame ler algo no que me vexa reflectida. Como... as viñetas deste home que debuxa tan ben os galegos. O Luís ese, o que veu o verán pasado aquí con Carlos Blanco!

**Uxía-** Davila, mamá; Luís Davila

**Maripaz-** Pois iso. Algo noso. Agora que o de aquí por fin vende... Mira *Narcos*, *Néboa* ou o *Sabor das margaridas*. Galicia interesa, e moito... (*Coa voz iluminada, ó igual cá cara.*) Por exemplooo... Por que non ...?

**Uxía-** (*Ansiosa.*) Por que...que? Dimo, anda; que ideas non me sobran.

**Maripaz-** Por que non escribes sobre a présa que lle entrou á túa tía por face-la partilla e merca-la casa da avoa para o teu primo? Sinda levaba 23 anos sen querer (*imitando, con sorna, con voz aguda e indignada*) “gasta-los cartos para face-los papeis da casa” e agora, que o seu fillo leva semanas encerrado nun piso de 50 metros na Coruña e sen fiestras ó exterior, veulle a ansia toda de golpe. Iso si que é un confinamento á galega: dándolle voltas a unha partilla. Ten de todo: marcos, “picapreitos” e (*con voz de tía Sinda*) “mortos-que-Deus-os-teña-na-gloria”...

**Uxía-** Visto así... (*optimista*). Pode ter tirón. Pois prendo agora mesmo o portátil e comezo. Saúda os avós da miña parte e, calquera cousa, chama. Ben, déixote e póño-me xa. Bicos e ata mañá.

(*Uxía recolle o pelo que levaba solto e enredado e improvisa un moño cun lapis. Senta no escritorio diante do portátil. Mentres, na pantalla en fronte do público -na que se viñeron proxectando tódalas imaxes indicadas do retratista das almas galegas- aparece reflectido*

*o monitor do ordenador da rapaza. Concretamente, un documento de texto en branco, co cursor intermitente, inquirindo ideas. Uxía colle aire con inspiración e teclea decidida:*

*Peza de teatro sobre “O galego confinado”.*

***Título-*** As aldeas non deben apagarse.

*A luz vai minguando ó compás do teclear do ordenador, tamén in descrecendo. Segundos despois de conseguilo negro na escena ilumínase de súpeto a pantalla de proxección coa derradeira viñeta, a número 5, baixo un texto no que se le:*


*“En eterno agradecemento ás heroínas e heroes da bata branca”)*

FIN.

## ESCENOGRAFÍA



Fonte: Elaboración propia



Fonte: Elaboración propia

### IMAXES PARA PROXECTAR

(autor: Luis Davila; fonte: conta do Facebook de Luis Davila)

VIÑETA 1



VIÑETA 2



VIÑETA 3



VIÑETA 4



VIÑETA 5

